

Agora e sempre, Alborada

No ano 2013 A Fundación Rosalía de Castro e a Asociación de Gaiter@s Galeg@s (AGG) chamabamos a celebrar o Día de Rosalía, en Galicia e no mundo, como así foi, coa alegría e a esperanza da Alborada de Rosalía. Naquela mañá de febreiro do ano en que se cumprían os 150 de *Cantares gallegos*, os gaiteiros e gaiter@s, con outros músicos, saíron ás rúas, camiños, prazas e lugares especialmente simbólicos para botaren a Alborada en homenaxe.

Xa van once anos despois daquela salutación simbólica e a meniña gaitera de Rosalía renova o seu compromiso coa confianza no renacer de Galicia a unha nova idade que construímos día a día. Saudemos con ela e coa súa Alborada que desexamos un tempo tamén de renacemento, celebremos que o millo medra e que cantan os paxaros ledos do novo día.

Por iso chamamos a tódolos gaiteiros e gaiter@s e ó mundo da música en xeral a celebrar o Día de Rosalía neste **23 de febreiro** tan especial.

Celebremos a Rosalía coa alegría da música e coa esperanza do seu exemplo.

*Arriba todas, / rapaciñas do lugar!, / que o sol i a aurora / xa vos vén a
dispertar. / Arriba! / Arriba, toleirona mocidad!, / que atruxaremos /
cantaremos o ala... lá...!!!*

Viva Rosalía!

Avante a Alborada!